

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 23 DE XULLO DE 2026

SEÑORES/AS ASISTENTES:

ALCALDE EN FUNCIONS:

Don Alberte Lamazares Casero

CONCELLEIRAS:

Dona Begoña Vázquez López

Dona Patricia Hermida Deza

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a vinte e tres de xullo de dous mil vinte e seis, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente en funcións Don Alberte Lamazares Casero, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, ao

efecto convocada, e sendo as trece horas deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión extraordinaria do día 8 de xullo de 2026, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

2.- LICENZA DE OBRAS

- María Jesús Diéguez Diéguez

ANTECEDENTES

1. Dona MARÍA JESÚS DIÉGUEZ DIÉGUEZ, con DNI núm. [REDACTED] e con domicilio no lugar de Paredes, parroquia de San Mariña de Pescoso, solicitou con data 11 de febreiro de 2026 (RE-E núm. 86) licenza municipal de obras para

CONSTRUCCIÓN DE DOUS SILOS FORRAXEIROS E PLATAFORMA DE ACCESO, con emprazamento no lugar de Paredes, parroquia de San Mariña de Pescoso.

2. Achégase proxecto técnico (visado colexial núm. [REDACTED], de data 10/02/26) redactado pola enxeñeira técnica agrícola Dona Vanessa González Cachafeiro.
3. O prazo de inicio das novas obras non poderá exceder de seis (6) meses, e o de execución non poderá exceder de trinta e seis (36) meses.
4. Constan no expediente os correspondentes informes xurídico e técnico emitido polo arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

1. A intervención municipal ten o seu fundamento na competencia que lle confire o artigo 25.2 a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), así como os artigos 5 e 8 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais.
2. A actividade solicitada atópase entre as sometidas a licenza municipal previa conforme ao previsto nos artigos 142.2 a) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e artigo 351 do Regulamento da Lei do Solo de Galicia (RLSG).
3. As construcións proxectadas sitúanse en terreos clasificados como “*solo rústico de protección forestal*” polo PXOM en vigor.
4. Proxéctase a construción de dous silos forraxeiros, de dimensións 33,70 m x 16,00 m, acaroados a outros silos existentes e executados mediante módulos prefabricados de formigón armado tipo muro en T, cunha superficie total construída de 539,20 m². A actuación complétase coa execución de dúas soleiras de formigón, cunha superficie total de 372,80 m². Unha delas consistirá nunha zona pavimentada destinada a mellorar as condicións de ensilado e disporá dun sistema de recollida e condución de efluentes cara unha fosa existente. A outra configurarase como unha plataforma elevada de acceso, destinada a facilitar as operacións de carga e almacenamento da

forraxe e a dar servizo tanto aos silos proxectados como aos xa existentes.

5. O orzamento de execución material das obras proxectadas ascende á cantidade de TRINTA E CINCO MIL CINCOCENTOS TRINTA E OITO EUROS CON DEZANOVE CÉNTIMOS (35.538,19 €).
6. Resulta de aplicación a Disposición Transitoria primeira da LSG, na que se establece que ao solo rústico dos municipios con planeamento aprobado definitivamente con anterioridade a entrada en vigor da LSG e adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, aplicaráselles o disposto na LSG para o solo rústico, mantendo, en todo caso, a vixencia das categorías de solo contidas no planeamento respectivo.
7. As construcións e instalacións destinadas ao apoio da gandería extensiva e intensiva e as granxas correspóndense cun uso admisible en calquera categoría de solo rústico logo da obtención do título habilitante municipal de natureza urbanística segundo o artigo 36.1 da LSG.
8. O contido urbanístico do proxecto presentado coincide cos seguintes extremos:

Titular do predio	
Inscripción no Rexistro da Propiedade	Non consta no expediente
Ref ^o catastral da parcela	36047A028000440000PB
Superficie da parcela	26.963 m ²
Uso autorizado	Silos forraxeiros e plataforma de acceso
Superficie ocupada en planta	Explotación de vacún existente: 1.866,80 m ² Silos proxectados: 539,20 m ²

9. As obras obxecto da licenza non foron sometidas a declaración de incidencia ambiental ao non supoñer unha modificación substancial da actividade, segundo o informe emitido pola técnica municipal de medio ambiente Dona Yolanda Aguiar Jorge con data 20 de marzo de 2026.
10. Nos solos rústicos de especial protección será necesario obter a autorización ou o informe favorable do órgano que teña a

- competencia sectorial correspondente con carácter previo á obtención do título habilitante municipal (artigo 36.2 LSG).
11. O Servizo de Montes do Departamento Territorial da Consellería do Medio Rural en Pontevedra emite informe en data 18 de marzo de 2026 no que manifesta que *“non é competente para emitir o informa solicitado en aplicación dos artigos 34.2 b), 36.1 e 36.2 da Lei 2/2016, do Solo de Galicia e 51.2 do seu Regulamento (Decreto 143/2016, do 22 de setembro)”* – Expediente núm. [REDACTED].
 12. Seguiuse a tramitación prevista nos artigos 9 e seguintes do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, por remisión do artigo 143.2 LSG.
 13. O carácter regrado da licenza establecido pola doutrina e xurisprudencia determina que o Concello ven obrigado a conceder licenza urbanística se conforme a normativa aplicable é posible levar a cabo a actuación urbanística solicitada.
 14. Deberá liquidarse o Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, segundo ordenanza en vigor publicada no BOP núm. 248, do 29 de decembro de 1999, e a Taxa por licenzas urbanísticas, segundo ordenanza en vigor publicada no BOP do día 27 de decembro de 1989.
 15. O órgano competente é a Xunta de Goberno Local, por delegación do alcalde (Resolución do 4 de xullo de 2023).

Xa que logo, visto o anterior e de conformidade cos informes técnicos que obran no expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- CONCEDER a Dona MARÍA JESÚS DIÉGUEZ DIÉGUEZ licenza municipal de obras para CONSTRUCCIÓN DE DOUS SILOS FORRAXEIROS E PLATAFORMA DE ACCESO, con emprazamento no lugar de Paredes, parroquia de San Mariña de Pescoso, con estrita suxeición ao proxecto técnico (visado colexial núm. [REDACTED], de data 10/02/26) redactado pola enxeñeira técnica agrícola Dona Vanessa González Cachafeiro, coas condicións especiais seguintes:

- a) Esta concesión outórgase salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro e terán que cumprirse as condicións fixadas polos organismos con competencias sectoriais.
- b) Os prazos de inicio e execución comezarán a computarse dende a data seguinte ao recibo da notificación do presente acordo. Se as obras non se iniciasen ou se executasen durante os prazos establecido ou ben, se interrompan por tempo superior a seis meses, procederase a declarar a caducidade da licenza, previa audiencia ao interesado. Non obstante, poderá solicitarse prórroga dos referidos prazos previa solicitude expresa formulada polo interesado e condicionada ao cumprimento das condicións establecidas no artigo 145.2 da LSG e artigo 359 do RLSG.
- c) A presente licenza queda sometida á condición suspensiva, no que atinxe ao inicio das obras e implantación do uso, ata que se xustifique o cumprimento das obrigas establecidas conforme o artigo 39 e) da LSG. Aos citados efectos, será suficiente que o titular da licenza presente ante o Concello certificación expedida polo Rexistro da Propiedade da vinculación da total superficie real do predio á construción e usos autorizados, expresando a indivisibilidade e as concretas limitacións ao uso e edificabilidade impostas na presente licenza (artigo 39 e) da LSG en relación co disposto nos artigos 65 e 67.3 do Real Decreto Legislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana).
- d) Deberá achegar, co certificado final de obra, un certificado de impermeabilidade da base dos silos, asinado polo técnico director das obras.
- e) Deberá achegar, co certificado final de obra, un certificado de estanquidade e impermeabilidade da fosa séptica á cal son dirixidos os efluentes de ensilado, asinado polo técnico director das obras.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras pola cantidade de SETECENTOS DEZ EUROS CON SETENTA E SEIS CÉNTIMOS (710,76 €).

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación da Taxa por licenzas urbanísticas pola cantidade de CENTO SETENTA E SETE EUROS CON SESENTA E

NOVE CÉNTIMOS (177,69 €).

3.- COMUNICACIÓN PREVIA DE EXECUCIÓN DE OBRAS

— José Miguel García Fernández

Consta nas dependencias municipais a comunicación previa de execución de obras, presentada con data 16 de abril de 2026 (RE-E núm. 252), coas seguintes características:

DATOS DO SOLICITANTE

NOME E APELIDOS	JOSÉ MIGUEL GARCÍA FERNÁNDEZ
DNI	████████
DOMICILIO	LUGAR DA GAIOLA, PARROQUIA DE RODEIRO
REPRESENTANTE	VANESSA GONZÁLEZ CACHAFEIRO
DNI	████████

DATOS DA OBRA

OBXECTO	SUBSTITUCIÓN DE CUBERTA EN EDIFICACIÓN AGROPECUARIA
LUGAR	TOIRIZ
PARROQUIA	SAN SALVADOR DE CAMBA
CLASIFICACIÓN SOLO PXOM	SOLO DE NÚCLEO RURAL
RFª. CATASTRAL DO INMOBLE	36047A022000080001AF
DOCUMENTO TÉCNICO	SI (Proxecto técnico asinado pola enxeñeira técnica agrícola Dona Vanessa González Cachafeiro – visado colexial núm. ██████, de data 07/04/26)
ORZAMENTO DE EXECUCIÓN	12.531,96 €
PRAZO DE EXECUCIÓN	UN (1) ANO
INFORME URBANÍSTICO	SI (Informe do arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias, de data 10/07/26)

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e no seu Regulamento (RLSG), e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e da competitividade económica de Galicia (LECG) e no

Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos (RIAE), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Declarar a eficacia da comunicación previa presentada cos datos anteriormente consignados, de conformidade co establecido nos artigos 24.1 LECG, 11 RIAE, 146.1 LSG e 361.1 RLSG.

Segundo.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso do solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

Terceiro.- Aprobar a liquidación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO) pola cantidade de DOUSCENTOS CINCUENTA EUROS CON SESENTA E TRES CÉNTIMOS (250,63 €).

Cuarto.- Advírtese expresamente que a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

Quinto.- A comunicación previa presentada implica a responsabilidade solidaria de quen promove as obras, de quen ten a propiedade do inmovible, ou os empresarios das obras, dos técnicos redactores do proxecto e directores das obras e da súa execución, respecto da conformidade das obras coa ordenación urbanística de aplicación e a súa adecuación á documentación presentada.

4.- COMUNICACIÓN PREVIA DE CAMBIO DE TITULARIDADE DE ACTIVIDADE

— José Manuel Jorge Fernández

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de cambio de titularidade de actividade, presentada con data 29 de xuño de 2026 (RE-E núm. 472), coas seguintes características:

DATOS DO ANTERIOR TITULAR

NOME E APELIDOS	JOSÉ LUÍS JORGE ALBOR
DNI	██████
DOMICILIO	LUGAR DE RODEIRO, PARROQUIA DE RODEIRO

DATOS DO NOVO TITULAR

NOME E APELIDOS	JOSÉ MANUEL JORGE FERNÁNDEZ
DNI	██████
DOMICILIO	LUGAR DE RODEIRO, PARROQUIA DE RODEIRO

DATOS DA ACTIVIDADE

ACTIVIDADE	FERRAXERÍA
SITUACIÓN	RÚA A NÚM. 27 – BAIXO
LUGAR	RODEIRO
PARROQUIA	RODEIRO
REFª CATASTRAL DO INMOBLE	6526207NH8262N0003TB
TÍTULO HABILITANTE DA ACTIVIDADE	SI (ACORDO DA COMISIÓN DE GOBERNO DE DATA 23/07/1987)

Debidamente informados/as de canto antecede e de conformidade co previsto no artigo 24.3 da Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e da competitividade económica de Galicia (LECG) e no artigo 20 do Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos (RIAE), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Tomar razón da presentación da comunicación previa xunto cos documentos que con ela se achegan e, na súa virtude, declarar a súa eficacia, dando por cumprimentada a obriga legal de comunicación do cambio de titularidade da actividade referida.

Segundo.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para os efectos nela sinalados, e faculta ao Concello para verificar a conformidade dos datos que se conteñen nela.

Terceiro.- O incumprimento sobrevido das condicións da comunicación previa ou dos requisitos legais da actividade será causa da ineficacia da comunicación previa e habilitarán ao Concello para a súa declaración logo de audiencia do interesado.

Cuarto.- Advírtese expresamente que a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

5.- ALTAS DE USUARIOS/AS NO PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA (PAI) PARA O CURSO 2026/2027

ANTECEDENTES

1. Con data 18 de maio de 2005 entrou en funcionamento a instalación municipal denominada Punto de Atención á Infancia (PAI).
2. O Pleno do Concello, na sesión ordinaria do día 6 de setembro de 2021, aprobou o Regulamento de organización e funcionamento do Punto de Atención á Infancia (PAI). Dita normativa foi publicada no Boletín Oficial da Provincia núm. 180, correspondente ao día 17/09/21, atopándose plenamente en vigor a esta data.
3. O artigo 9 do dito Regulamento dispón que o Concello abrirá anualmente un prazo de solicitude para a inscrición dos/as menores usuarios/as.
4. Para o curso 2026/2027 abriuse o corresponde prazo de presentación de solicitudes mediante acordo deste órgano adoptado na sesión celebrada o día 04/06/26 e, durante o prazo establecido que rematou o día 26 de xuño de 2026, presentáronse as seguintes solicitudes:

SOLICITANTE	DNI/NIE	DATA	REX.	USUARIO/A
Vanessa Pérez Mariño	██████	09/06/26	846	África Fernández Penas
Belén Villanueva Patao	██████	10/06/26	854	Rosalía Ferradás Villanueva

SOLICITANTE	DNI/NIE	DATA	REX.	USUARIO/A
María Elena Jorge Mato	██████	10/06/26	856	Lucía Faílde Jorge
Paula Diéguez Salgado	██████	10/06/26	866	Lola García Diéguez
Sandra Estévez Iglesias	██████	11/06/26	872	Mateo Conde Estévez
Miguel Vence Areán	██████	16/06/26	905	Sabela Vence García
Belén Fernández González	██████	17/06/26	909	Martina Payo Fernández
Sheila Jorge Porto	██████	17/06/26	912	Ander Jorge dos Santos
Pablo Castro Currás	██████	17/06/26	918	Martiño Castro Calviño
Rocío Taboada Presas	██████	17/06/26	919	Xabi Fernández Taboada
Luís Miguel Saa García	██████	18/06/26	933	Mía Saa da Costa
Begoña Simón Valladares	██████	18/06/26	935	Nerea Dabouza Simón
Marta Moure Vázquez	██████	19/06/26	943	Lola López Moure
Mª Fernanda Perea Vázquez	██████	22/06/26	954	Montserrat Peñaranda Perea
Verónica Fenández Lois	██████	23/06/26	966	Tiago Ouzande Fernández
Lahcene Bouziane	██████	23/06/26	971	Mohamed Amin Bouziane Fares
Sareth Mayerly López Rangel	██████	26/06/26	991	Liam Ernesto Castañeda López
Alba Simón Valladares	██████	26/06/26	997	Lois Vázquez Simón
Mhamed Brahim	██████	26/06/26	999	Chahrazad Brahim Moh Lamin

5. Os Servizos Sociais do Concello emiten o correspondente informe, con data 01/07/26, no que se acredita o cumprimento das solicitudes presentadas dos requisitos esixidos e procede á puntuación das admitidas segundo o baremo aplicable.

Debidamente informados/as de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Admitir todas as solicitudes presentadas ao cumprir cos requisitos esixidos no Regulamento en vigor.

Segundo.- De conformidade co informe emitido polos Servizos Sociais municipais, acordan dar de alta como usuarios/as do servizo do Punto de Atención á Infancia (PAI) de Rodeiro, para o curso 2026/2027, aos/ás seguintes nenos/as:

USUARIO/A	DOMICILIO	PUNTUACIÓN	XORNADA ADXUDICADA
Ander Jorge dos Santos	Rodeiro – Rodeiro	29	Completa
Lola García Diéguez	Rodeiro – Rodeiro	26	Completa
Montserrat Peñaranda Perea	Rodeiro – Rodeiro	25	Completa
Martina Payo Fernández	Arcas – Guillar	24	Completa
Liam Ernesto Castañeda López	Rodeiro – Rodeiro	24	Completa
África Fernández Penas	Asperelo – San Martiño de Asperelo	23	Completa
Mateo Conde Estévez	Leboro – Río	22	Completa
Rosalía Ferradás Villanueva	Rodeiro – Rodeiro	21	Completa
Xabi Fernández Taboada	Rodeiro – Rodeiro	19	Completa
Lucía Faílde Jorge	Ourín – San Martiño de Asperelo	18	Parcial de mañá
Lola López Moure	Rodeiro – Rodeiro	18	Completa
Lois Vázquez Simón	O Coto – Santa Mariña de Pescoso	18	Completa
Sabela Vence García	Vilamaior – San Cristovo do Az	17	Completa
Nerea Dabouza Simón	O Coto – Santa Mariña de Pescoso	17	Completa
Mohamed Amin Bouziane Fares	Rodeiro – Rodeiro	17	Parcial de mañá
Martiño Castro Calviño	Pescoso – Santa Mariña de Pescoso	16	Completa
Mía Saa da Costa	A Feira – Río	16	Parcial de mañá
Tiago Ouzande Fernández	Agrosagro – Carboentes	16	Parcial de mañá
Chahrazad Brahim Moh Lamin	Rodeiro – Rodeiro	14	Parcial de mañá

Terceiro.- Os/as usuarios/as admitidos/as deberán acreditar ante o Concello, no prazo de dez días hábiles, contados a partires do día seguinte ao do recibo da notificación do presente acordo, a documentación correspondente ás circunstancias sanitarias do/a usuario/a, presentando no Concello copia fidedigna da seguinte documentación:

- Copia auténtica da tarxeta da Seguridade Social ou documento equivalente do/a menor.
- Certificado médico do/a menor, facendo constar se padece algunha enfermidade ou alerxia e se precisa medicación ou outro tipo de observación ao respecto.

Advírtese expresamente que a no presentación de dita documentación no prazo establecido ao efecto, constitúe causa de baixa do/a usuario/a no servizo, que se efectuará por acordo do presente órgano, previa audiencia ao/á interesado/a.

6.- CONCESIÓN DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSONA CON DISCAPACIDADE

VISTA a solicitude presentada por Don José Vence González (RE núm. 1115, do 16/07/26), e a proposta de resolución emitida con data 17/07/26 pola traballadora social do Concello Dona Ana María Jorge Couto, quen acredita o cumprimento dos requisitos establecidos no Regulamento municipal para a concesión da tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalidez, aprobado polo Pleno do Concello na sesión celebrada o día 30 de novembro de 2000 e publicado no BOP núm. 41 de data 27/02/01, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, acorda a concesión da devandita tarxeta a favor de Don JOSÉ VENCE GONZÁLEZ, con DNI núm. [REDACTED], veciño do lugar de Lamas, parroquia de Camba.

7.- CONTRATACIÓN LABORAL PARA SUBSTITUCIÓN DE TRABALLADORA POR VACACIÓNS

Dáse conta á Xunta de Goberno Local que Dona Esperanza Silva González, traballadora laboral fixa do Concello na praza de auxiliar de axuda no fogar, vai solicitar o goce das vacacións pendentes do ano 2025 que no puido gozar por mor da súa situación de baixa laboral por incapacidade temporal (IT). Xa que logo existe a necesidade de proceder á contratación urxente dun/dunha novo/a traballador/a que preste os devanditos servizos durante dito período, ao tratarse dun servizo prioritario por mor da atención que presta aos usuarios beneficiarios da Lei de Dependencia, polo que é preciso proceder a súa provisión temporal inmediata.

O Concello considera que a contratación proposta non contradí a prohibición de contratación de persoal temporal establecida no artigo 20.Cinco da Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, prorrogado a esta data para o ano 2026, por canto o servizo municipal de axuda no fogar correspóndese cun sector prioritario e que afecta ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, constituíndo a súa provisión un suposto excepcional destinado a cubrir unha necesidade urxente e inaprazable, estando por outra parte financiado pola Consellería de Política Social e Igualdade, de conformidade co previsto no artigo 58 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo.

O Sr. secretario considera que o posto de traballo debера ser provisto nas condicións legalmente establecidas, atendendo aos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como ao de publicidade. O Sr. alcalde en funcións manifesta que, dada a urxencia da contratación, non se considera aconsellable realizar unha convocatoria pública da mesma, pola demora que ocasionaría no inicio da prestación do servizo. Asemade, constátanse as dificultades coas que se atopa o Concello para acadar persoal cualificado para ocupar estas substitucións ante a ausencia de oferta de candidatos/as coa formación requirida.

Xa que logo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes e a proposta da traballadora social municipal Dona María Lara Hermida Fernández, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Autorizar a contratación, como auxiliar de axuda no fogar, mediante un contrato temporal por circunstancias da produción, ao abeiro do disposto no artigo 15 do Estatuto dos Traballadores, da seguinte traballadora:

- ✓ ADRIANA DROGO ANTOIMA, con NIE núm. [REDACTED], a tempo parcial (15 horas/semana), entre os días 25 de xullo e 16 de agosto de 2026, ambos inclusive, por vacacións e permiso laboral de Esperanza Silva González.

Segundo.- Facultar ao alcalde en funcións para que asine cantos documentos sexan necesarios para a efectividade deste acordo.

8.- CONCESIÓN DE AXUDA ECONÓMICA A FESTA PATRONAL DA PARROQUIA DE GUILLAR

VISTO o escrito presentado por Don José Julio Hermida Diéguez, na representación da ASOCIACIÓN DE VECIÑOS CULTURAL E DEPORTIVA XUVENTUDE DE GUILLAR, con CIF núm. [REDACTED] e con domicilio social no lugar de Adelán, parroquia de Guillar (RE núm. 818, do 05/06/26), polo que solicita unha axuda económica do Concello para as festas patronais da parroquia de Santa María de Guillar celebradas o pasado día 7 de xuño do corrente. A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda concederlle unha axuda económica por importe de TRESCENTOS SESENTA EUROS

(360,00 €), de conformidade co previsto na Base de execución 10ª do orzamento xeral do exercicio de 2017, prorrogado a esta data para o exercicio corrente.

9.- CONCESIÓN DE AXUDA ECONÓMICA A FESTA PATRONAL DA PARROQUIA DO SALTO DE AGOELA

VISTO o escrito presentado por Dona María Carmen de Arriba González, veciña do lugar de Alemparte, parroquia do Salto de Agoela (RE núm. 1120, do 20/07/26), polo que solicita unha axuda económica do Concello para as festas patronais da parroquia de Santo Estevo do Salto de Agoela celebradas os pasados días 4 e 5 de xullo do corrente. A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda concederlle unha axuda económica por importe de TRESCENTOS SESENTA EUROS (360,00 €), de conformidade co previsto na Base de execución 10ª do orzamento xeral do exercicio de 2017, prorrogado a esta data para o exercicio corrente.

10.- CONCESIÓN DE AXUDA ECONÓMICA A FESTA PATRONAL DA PARROQUIA DE CAMBA

VISTO o escrito presentado por Dona María del Mar Cambeiro Areán, na representación da ASOCIACIÓN DE VECIÑOS CULTURAL E DEPORTIVA SAN XOÁN DE CAMBA, con CIF núm. [REDACTED] e con domicilio social no lugar de Lamazares, parroquia de Camba (RE núm. 1110, do 16/07/26), polo que solicita unha axuda económica do Concello para as festas patronais da parroquia de San Xoán de Camba celebradas os pasados días 23, 24 e 25 de xuño do corrente. A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda concederlle unha axuda económica por importe de TRESCENTOS SESENTA EUROS (360,00 €), de conformidade co previsto na Base de execución 10ª do orzamento xeral do exercicio de 2017, prorrogado a esta data para o exercicio corrente.

11.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos/as membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER S.A. 8.754,76 €
Por consumos de enerxía eléctrica no Concello no mes de abril de 2026, s/recibos.
- ANA BELÉN MENOYO GARCÍA 30,82 €
Por subministro de produtos de limpeza, s/factura núm. 13531.
- FERRODEIRO S.L. 72,68 €
Por subministro de produtos de limpeza, s/factura núm. VG/26-001279.
- MAPFRE ESPAÑA S.A. 2.917,20 €
Por seguro anual da póliza de danos en instalacións e edificios municipais, s/factura núm. 75202619900020005563 (FACe).
- FERRODEIRO S.L. 60,56 €
Por subministro de ventilador industrial para dependencias municipais, s/factura núm. VG/26-001281.
- MARÍA ELENA JORGE MATO 100,62 €
Por gastos de desprazamentos para o Concello, s/minuta.
- O RODO, S. COOP. GALEGA 238,80 €
Por subministro de combustible ao vehículo da AVPC no mes de xuño de 2026, s/factura núm. FA – 1107.
- MARÍA JOSÉ DÍAZ MARTUL 2.870,17 €
Por reposición e reparación de pneumáticos de vehículos municipais, s/facturas núm. A/4487 e A/4568.
- JAIME RODRÍGUEZ JORGE 1.599,62 €
Por diversos traballos de reparacións eléctricas no alumeadado público do Concello, s/factura núm. 52/26.
- CANGADO S.L. 405,74 €
Por subministro de diverso material para obras municipais, s/factura núm. R1/000225.

- FERRODEIRO S.L. 699,05 €
Por subministro de materiais de ferraxería para obras municipais, s/factura núm. VG/26-001280.
- LINCOLD IBÉRICA S.L. 266,56 €
Por subministro de material de fontanería, s/factura núm. FV/00002580 (FACe).
- ALS LIFE SCIENCES GALICIA S.L.U. 630,02 €
Por análíticas de salubridade da auga de consumo, s/factura núm. L3 1503 (FACe).
- O RODO, S. COOP. GALEGA 1.277,56 €
Por subministro de combustible aos camiões de recollida do lixo no mes de xuño de 2026, s/factura núm. FA-1106.
- BAYGAR S.L. 5.169,51 €
Por subministro de colectores de lixo, s/factura núm. 1487/261102052 (FACe) – Subvención Fondo de Compensación Ambiental 2026.
- MECANIZADOS NANDE S.L. 5.626,50 €
Por subministro de cabezal lateral para desbrozadora de brazo, s/factura núm. 26-000039 (FACe) – Subvención Fondo de Compensación Ambiental 2026.
- VIRULÉ RODEIRO S.L.U. 211,75 €
Por transporte de materias de construción para obras en camiños municipais, s/factura núm. 1/000151 (FACe).

Obradoiro dual de emprego “Terras de Camba II”

- AVANTA PREVENCIÓN INTEGRAL S.L.U. 2.600,00 €
Por impartición de curso de nivel básico de protección de riscos laborais, s/factura núm. FT0177741.

- ARA NEGOCIOS S.L. 500,00 €

Por impartición de módulo formativo “*Alfabetización informática: Internet*”, s/factura núm. FAC2026A228 (FACe).

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente en funcións dá por rematada a sesión, sendo as trece horas trinta minutos, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,
(*sinatura dixital*)

O alcalde en funcións,
(*sinatura dixital*)